Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A moura de Lombao

En Lombao, entre Alvite e Muradás, parroquia de Santa Mª de Beariz, concello de Beariz (Ourense) presentouse unha moura cunha manta chea de ouro e púxoa a asolear. Achegouse unha rapaza que estaba coas ovellas por alí e díxolle á moura:

Ai, que tesoiras másis bonitas tes!

Se as queres repuxo a moura tes que ir á casa e traerme o mellor pano que teña a túa nai. Despois dareichas, pero ten moito coidado de non llo dicir a ninguén.

Pero a rapaza, claro, en canto chegou á casa, díxolle así á nai:

Mamá, vin unha moura asoleando unha manta chea de ouro e ten unhas tesoiras moi bonitas. E díxome que mas daba se lle levaba o mellor pano de vostede.

Pois lévallo, miña filla díxolle a nai.

Cando chegou co pano cabo da moura, esta, enrabechada, quíxolle cortar a lingua e picarlle os ollos coas tesoiras por terlle contado á nai o trato que fixeran.

Afortunadamente para a nena, a moura non conseguíu facerlle dano e desapareceu.

No mesmo lugar, un home viu unha moura, seguramente a mesma que se lle apareceu á nena, cunha tenda chea de ouro. E díxolle o home:

Ai, canto ouro tes!

□Se o queres □díxolle a moura ao home□ tes que traerme un xerro de leite, un cacho de pan e un ovo pra baterme na testa. Ti non teñas medo aínda que me sintas bruar coma unha serpe, logo espallareime que estou cargada de ouro, e despois caso contigo.

E o home levou o que lle pediu a moura: o xerro de leite, o cacho de pan e o ovo, mais non tivo valor para escacharllo á moura na fronte.

O home colle medo e escapa. Disque se foi enterrar á Burata cabo dunha trabe de alcatrán.

BIBLIOGRAFÍA

LAMAS BÉRTOLO, Jorge, «As lendas de tradición oral do concello de Beariz», en Argentarium (Revista do Centro de Estudios □Chamoso Lamas□), nº 1, 1999.